

O POBO VERMELLO

37

Hai moitos anos, cando os reis levaban grandes mantos ata os pés, nun fermoso val á beira dun río, vivía unha familia moi especial. Vivían moi felices os tres porque o que máis lles gustaba era ser como eran, de cores.

O pai era todo de cor verde, verde coma a herba e coma as leitugas.

Este home tiña dous fillos: un amarelo coma o sol, coma a chorima dos toxos, coma o ouro... e unha nena azul, azul coma o ceo, coma a auga do mar. Era a familia Coriñas.



Un día pasou por alí un home que nunca os vira e foille contar ao rei que no seu reino había tres persoas que non eran coma todos. O rei enrabechouse, porque só el quería ser diferente e mandou que preparasen todo para ir ver a familia Coriñas.



Cando chegaron, facendo moito ruído, o rei preguntou:

—Ti por que es verde?

—Nacín así —dixo o pai—. Ao principio eu non quería ser verde, pero andando o tempo, acabou por me gustar.

—Pois non! Tedes que ser coma todos os súbditos, vermellos!

—Pero, nós nacemos todos así e non imos cambiar.

—Isto amáño eu —dixo o rei—. Gardas! Collede pintura vermella e pintade esta familia para que sexan coma todos!

Os gardas pintaron a familia de vermello coma os demais súbditos. Cando acabaron, o rei deu orde de marchar. Ao pouco, comezou a chover moito e a auga foi lavando a familia Coriñas. O pai quedou outra vez verde, a nena azul e o neno amarelo.



O rei coa molladura pillou un arrefriado moi grande, pero como el quería ser moito máis importante que os seus súbditos, o arrefriado fíxose moi, moi grande... e leva novecentos anos na cama con mormeira e pingando o moco polo nariz.



Comprendo a lectura

1 Responde.

Cando pasaron os feitos do conto?

Como se chamaba a familia da historia?

Por que se chamaría así?

Os demais súbditos eran de cor?

Como quixo o rei solucionar o problema?

2 Ordena as viñetas segundo sucederon os feitos.



3 Cres que esta historia é real ou imaxinaria? Por que?



Intelixencia visual: Interpretar as Imaxes

4 Debuxa as caras dos membros da familia Coriñas.



Aprendo palabras

1 Le e escribe unha oración con estas palabras.



A **chorima** é a flor do toxo.



A **mormeira** é un catarro moi forte.

2 Di que cousas son, no conto, desta cor.




Ceo





3 Le e completa.



Os pobos antigos tiñan outras construcións: dolmens, castros celtas, murallas romanas, castelos, etc. Hoxe, nós debemos coidar e conservar estas construcións.



dolmen





muralla



Que necesitan para traballar?

Observa, le e aprende.

Na maioría das profesións, empréganse máquinas e ferramentas específicas que facilitan a realización das tarefas.



Antigamente só se empregaban **máquinas sinxelas** que funcionaban coa forza humana ou animal, ou ben, coa enerxía da auga e do vento.



Pouco a pouco, fóronse utilizando máquinas cada vez máis **comple-xas**, que funcionan con electricidade ou con algún combustible. Isto permitiu facer os traballos en menos tempo, con menos esforzo e dunha forma máis segura.

Estes son algúns exemplos de máquinas actuais:

- Na agricultura empréganse **tractores, colleitadoras**, etc.
- As industrias utilizan máquinas de moi distintos tipos, dependendo do traballo que realicen: **guindastres, empaquetadoras, cintas transportadoras, máquinas de coser...**
- Os científicos e os investigadores usan **microscopios, telescopios...**
- Ademais, existen máquinas, como os **ordenadores**, que se poden utilizar en case todas as profesións.



Sabías que?

Na actualidade, existen máquinas, chamadas **robots**, que poden programarse para funcionar sen a presenza dunha persoa.



1 Elixe e escribe a profesión que corresponde a cada máquina.

limpeza - industria téxtil - investigación - agricultura

tractor →

aspirador →

máquina de coser →

microscopio →

2 Relaciona as máquinas que realizan o mesmo traballo. Despois, úneas coa profesión na que se utilizan.

serrón
varas de bater
pa

escavadora
serra eléctrica
batedor eléctrico

carpintería

cociña

construción

A carpintería, a cociña e a construción son tres profesións que evolucionaron moito grazas ás máquinas.

Investiga e busca outras profesións que cambiasen tamén polo mesmo motivo: a agricultura, a gandería, a medicina, a física..., e fai unha relación das máquinas que se utilizaban antes e as que se empregan agora.

Cres que o traballo é máis rápido e máis sinxelo de realizar agora? Por que? Debatédeo en grupo.



Aprendo palabras

1 Le estas oracións e une as que signifiquen o mesmo.


Nacer de pé.

Estar a pé firme.

Estar quieto nun sitio.


Ter sorte.

2 Explica que quere dicir esta oración.



3 Le e debuxa esta oración.

Ten mil anos!



4 Ditado.



Escribo ben



1 Le.

Por que che gustan as excursións?
Porque coñecemos lugares e pasámolo moi ben.

2 Completa con **por que** e **porque**.

che gusta ir ao parque?

me divirto moito.

3 Le e escribe a oración que falta.

Por que ?

Porque me gusta nadar e xogar na area.

4 Escribe dúas oracións.



Por que ?

Porque .



Restos do pasado

Observa, le e aprende.

Hoxe coñecemos o que aconteceu no pasado e como era a vida das persoas antigamente a través de distintos medios:

- **Textos escritos**, como libros, cartas ou outros documentos.
- **Cancións, contos ou lendas**, que se transmiten, de forma oral.
- **Construcións e edificios antigos**, como castelos, catedrais, castros, pontes, etc., ou ben, os **restos** que quedan deles.
- **Cadros, esculturas e mapas**.
- Outros restos, como **ósos, moedas, ferramentas**, etc.

Sabías que?

A **arqueoloxía** encárgase de buscar e estudar os restos antigos.



Todos estes recursos son **fontes históricas** e ofrécennos unha información moi importante sobre os sucesos do pasado; por iso, hai que coidalos e respectalos.



Os **museos** son lugares onde se gardan, consérvanse e expóñense ao público obxectos de gran valor histórico e artístico. Nos museos tamén se investigan e restauran restos do pasado que se encontran deteriorados polo paso do tempo.



- 1** Le este folleto con normas para visitar un museo. Pensa e sinala cales son as correctas.

**NORMAS DE VISITA
AO MUSEO**

- Non se poden tocar os obxectos expostos, a non ser que se indique o contrario.
- Está permitido correr polo museo.
- Non está permitido comer nin beber no museo.
- Está prohibido facer fotografías con flash.
- Non se pode entrar no museo con roupa escura.
- Está prohibida a entrada de animais; só se permite a entrada de cans guía.

AVISO

Para asegurarse de que as obras que se expoñen nos museos están nas mellores condicións, os seus responsables pídenlles aos visitantes que se cumpran unhas normas.

- 2** Busca en Internet información sobre un museo da túa localidade ou de Galicia e completa esta ficha.

Nome do museo:

Localidade onde está:

Nel podemos ver:



Estudo a lingua



As **oracións** serven para afirmar ou negar algo **.**, para expresar emocións **!** e para preguntar **?**.

1 Une.

Oración exclamativa.

Oración afirmativa.

Oración interrogativa.

Oración negativa.

Afirma algo.

Nega algo.

Fai unha pregunta.

Expressa unha emoción.

2 Le as oracións do debuxo e copia:

exclamativa

interrogativa

negativa


afirmativa

3 Inventa unha oración.









4 Ordena estas palabras e forma oracións.

Anxo caramelos! mercou vinte

mestra chámase A nosa María.

O celta castro conservado! está

Cando excursión a Lugo? de imos

